

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A EN FUNCIONS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de xuño de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— UFD Distribución Electricidad S.A.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 16 de maio de 2023 (RE-E núm. 308), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A.
---------------------	------------------------------------

CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	MADRID
REPRESENTANTE	ANA MARÍA SALGADO LÓPEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CANALIZACIÓN DE LIÑA ELÉCTRICA SOTERRADA
LUGAR	BARRIO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	002401000NH81H0001HI
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Documento técnico redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona Herminia López Caamaño, en data 03/04/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	12.738,70 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 01/06/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (254,77 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento

que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- APROBACIÓN DO PRIMEIRO INFORME DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DO CONCELLO

Por acordo adoptado polo Pleno municipal, na sesión celebrada o día 28 de novembro de 2020, foi aprobado o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Rodeiro. O plan aprobado prevía a realización dun seguimento bianual dos seus obxectivos, que requiriu as seguintes actuacións:

- ✓ A actualización da estratexia local de loita contra o cambio climático, e os recursos humanos e financeiros postos en liza para executala.
- ✓ Dar conta da marcha da implementación do plan de mitigación. Óptase por non presentar un informe de seguimento de emisións completo, dada a carga que suporía para o persoal municipal implicado no proxecto.
- ✓ Actualizar a información sobre os riscos climáticos aos que o municipio debe facer fronte. Non se xerou novo coñecemento que altere a avaliación de riscos e vulnerabilidades inicial.
- ✓ Completar a información sobre os plans de acción relacionados coa adaptación. Introdúcense tres indicadores-obxectivo xeral de adaptación na estratexia do plan.
- ✓ En maio do ano 2022, definiuse neste marco a loita contra a pobreza enerxética, como terceiro pilar do proxecto do Pacto das Alcaldías. Este avance engadiu a estes requirimentos a necesidade de avaliar a situación do municipio fronte a este reto e formular obxectivos estratéxicos neste campo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o primeiro informe de seguimento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) do Concello de Rodeiro, redactado por Sicasoft Solutions S.L..

Segundo.- Dispoñer que o dito informe sexa subido á plataforma *Covenant of Mayors*, aos efectos requiridos.

4.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de administrativo-encargado do Centro Cultural “Manuel Lamazares”, Don José Carballo Suárez (RE núm. 893, do 02/06/23), solicitando o recoñecemento do oitavo trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 31 de xullo de 2008, 11 de decembro de 2008, 16 de febreiro de 2011, 29 de xaneiro de 2014, 25 de xaneiro de 2017 e 31 de xaneiro de 2020, recoñeceulle o dereito ao percibo de sete trienios.

VISTO o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don José Carballo Suárez o seu dereito a percibir o oitavo trienio con data de consolidación do día 6 de xaneiro de 2023 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2023.

5.- BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 24 de marzo do corrente, solicitouse da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha subvención para a contratación de dous postos de traballo de socorristas, a tempo completo e durante un período de tres meses, ao abeiro da Orde do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 56, do 21/03/23). Dita convocatoria de axudas está sen resolver a esta data. Esta circunstancia impide que o Concello poida xerar crédito no seu orzamento para o financiamento de ditas contratacións. Porén, dado que no cadro de persoal municipal existe consignado un posto de traballo de socorrista, o Concello vai proceder á convocatoria, con cargo a dita consignación, dun dos dous postos solicitados, quedando a convocatoria do segundo deles adiada ata a resolución da subvención solicitada, se resulta estimatoria.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases e o baremo de selección para a provisión dos dous postos de traballo para os que se solicitou subvención, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Establecer a formación académica no eido deportivo como criterio de emparellamento, segundo o permitido no artigo 14.3 c) da Orde da convocatoria, ao considerar de interese público para o Concello que os seleccionados dispoñan de dita formación para a súa colaboración no deseño e desenvolvemento das actividades lúdicas e deportivas que se van ofertar na piscina municipal durante a tempada estival, dirixidas a diferentes colectivos sociais (infancia, xuventude, terceira idade, asociacións, etc.).

Terceiro.- Realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión dun único posto de traballo de socorrista.

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES/AS A CONTRATAR AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

A/ BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases e baremo é a selección dos/as traballadores/as a contratar polo Concello con cargo á subvención referida, de conformidade cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

- 2 socorristas para a piscina municipal de Rodeiro.

TIPO DE CONTRATO: Contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).

XORNADA: 37,5 horas semanais, prestadas de luns a domingo, en horario de mañá e/ou tarde en función das necesidades do servizo e cos descansos establecidos legalmente.

DURACIÓN DO CONTRATO: Período de apertura da piscina municipal, ata un máximo de tres meses.

SALARIO:

- 1.365,05 € brutos mensuais, incluído prorrateo de pagas extras e complemento.

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE).
- Inscripción en vigor na Sección de socorristas en instalacións acuáticas do Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia, regulado no Decreto 152/2021, do 21 de outubro (DOG núm. 216, do 10/11/21), modificado polo Decreto 43/2023, do 4 de maio (DOG núm. 93, do 16/05/23).

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da documentación requirida.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo de cinco días naturais, contados a partires do día seguinte ao día fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

B/ BAREMO

B1/ CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (ATA 2 PUNTOS)

- | | |
|---|-------------|
| • Por ser muller | 1,00 punto. |
| • Por ser menor de 30 anos | 1,00 “ |
| • Por ser maior de 45 anos | 1,00 “ |
| • Por discapacidade recoñecida legalmente | 1,00 “ |

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do DNI ou documento de valor equivalente. Para a discapacidade copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.

B2/ SITUACIÓN FAMILIAR (ATA 2 PUNTOS)

- Por cada fillo ou menor en acollemento 0,25 puntos.
- Por familia monoparental 0,50 “
- Por cada fillo con discapacidade recoñecida 1,00 “
- Por familia numerosa con título expedido 2,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia auténtica dos documentos que o acrediten. Aos efectos do presente baremo, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

B3/ SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ATA 3 PUNTOS)

- Por desemprego do solicitante superior a 1 ano 2,00 puntos
- Por desemprego do solicitante superior a 6 meses 1,00 “
- Por non percibir prestación ou subsidio por desemprego 1,00 “
- Por ser integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios de RISGA 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Para o tempo de desemprego, informe de períodos de inscrición expedido polo SPE. Para a non percepción de desemprego, certificado do SPE que así o acredite. Para colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión, documento oficial acreditativo de dita circunstancia.

B4/ FORMACIÓN ACADÉMICA NO EIDO DEPORTIVO: (ATA 3 PUNTOS)

- Ciclo formativo FP, grao medio 1,00 punto.
- Ciclo formativo FP, grao superior 2,00 “
- Licenciatura ou Grao universitario 3,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da correspondente titulación.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LÉREZ EDICIONES S.L. 435,60 €
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” no Diario de Pontevedra, s/factura núm. 12305144 (FACe).
- PATRICIA FIGUEIRAS REY 121,00 €
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” en *aestradanarede.es*, s/factura núm. 69.

- GRAFICOLOR MINERVA S.L.U. 984,94 €
Por traballos de imprenta para a iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. H00200.
- JOSÉ MANUEL GARCÍA BARREIRO 1.331,00 €
Por organización, xestión e coordinación da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. 119.
- JESÚS MARÍA ALONSO FERNÁNDEZ 847,00 €
Por traballo de deseño da imaxe corporativa da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. 2023/09.
- ASOCIACIÓN CULTURAL “OS VARACUNCAS” 600,00 €
Por actuación na programación de cantos de taberna dentro da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. 2023/06.
- RADIO POPULAR S.A. – COPE 306,13 €
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” na radio COPE, s/factura núm. 0780200141 (FACe).
- UNIPREX S.A.U. 556,60 €
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” en Onda Cero, s/factura núm. 2231024838 (FACe).
- CUCHILLERÍA CORUÑESA S.L.U. 192,54 €
Por subministro de urnas de cartón para a iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. 000031.
- ANA MARÍA LEDO GARCÍA 27,70 €
Por subministro de produtos de panadería para a iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. 27.
- LAURA MOURE MIGUÉLEZ 181,50 €
Por publicidade da iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*” en www.ecosdacomarca.com, s/factura núm. 17.

- R.M. PRINT GALICIA S.L. 181,50 €

Por subministro de vinilo para a iniciativa “*Rodeiro de tapas 2023*”, s/factura núm. A/2023130.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as trece horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)